



Informe actividades 23_24





1. Evidencias

2. Reflexión

3. Documentos elaborados



1.Evidencias

OBRADOIROS:

1. Febreiro, mes da emocións. Talleres de deseño de chaveiros coa impresora Láser



Cada alumno deseñou o seu chaveiro en madeira de 3 mm. directamente na cortadora láser e logo deulle cor.







2. 8 marzo. Deseño do buzón do grupo “sachos violetas” coa impresora 3D e pins coa cortadora láser





3. Recreos en Polos no mes de marzo.

Dentro do plan de dinamización de Polos, fixemos Obradoiros de chaveiros coa impresora 3D. Os alumnos empregaron Tinkercad para deseñar os arquivos e logo usaron o programa Cura para xerar os arquivos para a impresora Creality.





4. III Congreso científico.

Elaboración de chaveiros coa cortadora láser

Tomamos foto das bolsas de tea deseñadas o curso pasado e pasamos o arquivo a gimp para retocalo. Posteriormente co Inkscape preparamos o formato para a cortadora láser. Fixemos o corte e impresión por unha cara e, sen mover do sitio fixemos o gravado no reverso.





5. Clube de ciencias.

Elaboración selo co nome do IES para obradoiro de xabóns





BQH2_AAR.gcode

e dosificadores coa Impresora 3D





Selos impresos 3D





6. Obradoiros EDUFRANCE. Engloba actividades de Robótica e cortadora láser.



OBRADOIRO 1: Xogando co mbot 2

Programa: m block




Montaxe de 2 robots para montar seguindo as instrucións na Aula virtual do IES.

Materiais:

- 2 Tablets (número 4 e 6) de Polos creativos.
- 2 Robots (número 3 e 4) de Polos Creativos.

Para encontrar a páxina siga os seguintes pasos:

Busque “**aula virtual ies aar**”, deslice cara abaixo ata encontrar unha lupa onde buscarás “**POLOS**”. Entrás nesa carpeta e escolles a carpeta de “**Robótica:mBot2**” e escolles o documento de “**Montaxe do MBot2**”.





OBRADOIRO 2.

Xogando cos Ranger 1- Carreira de obstáculos

Tablets n.º 1, 2 e 3

MBots2 n.º 1, 2 e 5



Gana quen chegue máis rápido á Meta dende a Saída sen tocar ningunha liña de cor. E se toca des, perdedes.



XUNTA
DE GALICIA

IES ANTÓN ALONSO RÍOS

POLOS
CREATIVOS



XUNTA
DE GALICIA

POLOS
CREATIVOS



Xacobeo 21-22

2- Retos, atrévete????

programa: mblock

Portátiles de Polos n.º 1, 2 3

Robots Ranger, n.º 1, 2, 5

Prácticas en Aula Virtual: <https://bit.ly/4aQU7wL>



SCAN ME





OBRADOIRO 3. Chaveiros coa cortadora Láser

Madeira. Ordenador sobremesa.

2 alumnos rotando para facer os seus nomes en chaveiros.



Cada alumno/a fará o seu chaveiro co seu nome.



XUNTA
DE GALICIA

IES ANTÓN ALONSO RÍOS

POLOS
CREATIVOS





XUNTA
DE GALICIA

IES ANTÓN ALONSO RÍOS

POLOS
CREATIVOS





RETO MUSICAL:


Es quen de facer música cos Robots Ranger? Proba, e toca os primeiros catro compases da *Imperial March* da saga Star Wars.





7. Acollida alumnado de 6º primaria.

7.1. Cortadora láser: realización de 100 chaveiros co logo do IES





7.2. Gafas RV

Paseo virtual polo IES: traballo en RA/RV, feito polos alumnos, para verse nas gafas ou nas tablets presentando as estancias do centro ao alumnado de primaria.



8. Cuñas de radio para difusión dos Ciclos Formativos do centro.

<https://radiomocidade.gal/publicidade-ciclos/>



9. Videos de Educación Plástica co material Audiovisual.

https://www.instagram.com/a.a.r.te?utm_source=qr&igsh=Yng2YjBndHJwYW5l



https://drive.google.com/drive/folders/14DKdvWt72C-Cq99AuzsYBho_8cRtd1Cp?usp=drive_link



https://drive.google.com/drive/folders/14Fs6mz05NylmPYHIOvBw1JLgRxVaBNXx?usp=drive_link

https://drive.google.com/drive/folders/14JDXns-ruPaOK-xmlRuRs7kse43GshmZ?usp=drive_link

https://drive.google.com/drive/folders/14KsvIE2PdGYe0rxcfZnJm3OJi_XqivBV?usp=drive_link



10. Gafas de RV Dpto Electrónica.





11. Materiais Dpto. Forestais.

Chaveiros na cortadora láser co logotipo do Departamento





Etiquetas para plantas coa impresora 3D.

Feitas con diferentes proporcións de recheo para experimentar a duración das mesmas nos invernadoiros e no exterior. O deseño fíxose con Tinkercad aplicando diferentes medidas e materiais para facer unha mellor comparativa.






12. Outros materiais.

Reutilización do cartón
das embalaxes do propio
material de polos.









Proxecto de alumnos “MIDNA Project” (en curso).



Idea orixinal:

<https://pinshape.com/items/32765-3d-printed-serra>





XUNTA
DE GALICIA

IES ANTÓN ALONSO RÍOS

POLOS
CREATIVOS





2. Reflexión

O espazo de Polos, unha vez instalados os recursos, estaba dispoñible para o deseño de actividades a incorporar nas programacións das materias e nos diversos proxectos desenvolvidos no centro. Dada a novidade dos recursos e o descoñecemento total por unha gran parte do profesorado das posibilidades deste espazo era necesario facer un percorrido polos recursos e ver a súa utilidade na aula e na metodoloxía docente.

Preparáronse obradoiros impartidos polos propios participantes. As prácticas foron enfocadas ás necesidades dos proxectos desenvolvidos polos diferentes departamentos.

Para a formación ente iguais empregáronse os equipos informáticos, cámaras, impresoras, cortadora, tablets e gafas RV, sendo preciso tamén acudir á aula de informática do centro. A formación externa adicouse a video, empregando todo o material de Polos.

Formación (3 h cada) VIDEO datas: mércores 31 xan, mércores 7 feb
Horario: (16:00 a 19:00), total 6h

Traballo individual (2h cada) datas: 21 feb, 21 marzo, total 4 h

Traballo en equipo (2,5 h cada) datas 26 oct, 24 xan, 9 abril, 21 maio (16:30 a 19:00), total 10 h.

Organización de obradoiros para o alumnado en febreiro (mes das emocións) marzo (8m e chaveiros), abril (III Congreso científico e Edufrance), maio (Letras galegas e acollida alumnado de primaria). O espazo tivo unha ocupación semanal continuada alén das clases impartidas nel polo profesorado que desenvolvía diferentes actividades. Serve como punto de encontro para o desenvolvemento de proxectos de centro. Acollo tamén proxectos de alumnos desenvolvidos por eles mesmos fora das horas lectivas.



Como avaliación final fíxose seguimento dos obxectivos prantexados no proxecto que quedaron todos eles cumpridos:

1. Interpretar a normativa de produción de planta en viveiro forestal e aplicar a normativa de produción de planta en viveiro forestal en canto á etiquetaxe.
2. Profundar no manexo e utilidade do material de Polos Creativos.
3. Elaborar vídeos didácticos para varias materias.
4. Elaborar materiais para o III Congreso Científico.
5. Desenvolver materiais de apoio á campaña de "Como reducir o lixo"
6. Mellorar a capacidade lingüística e comunicativa do alumnado en contextos reais. Adecuación e corrección no uso da lingua oral nun rexistro coloquial e formal.
7. Mellorar a capacidade de innovación e a creatividade do alumnado.

En resumo, a difusión das posibilidades e a creación dunha identidade propia para este espazo está conseguida e búscase continuar con novos proxectos para o vindeiro ano. As liñas a seguir enfocaranse facendo “grupos de expertos” en cada tipo de recurso dispoñible (impresión, video, corte, costura...)

3. Documentos elaborados

Enlace á aula virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesantonalonsorios/aulavirtual/course/view.php?id=695>